

(FCG/af)

DECRETO: Ourense, 23 de maio de 2017

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF-, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

DÍA: venres, 26 de maio de 2017.
HORA: 10.00 horas en primeira convocatoria*.
LUGAR: Salón de sesións do Pazo Provincial.

*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

ORDE DO DÍA

Apartado resolutivo:

- 1.- Acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 28 de abril de 2017.
- 2.- Modificación da Ordenanza fiscal reguladora das taxas polos servizos prestados na Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados (BOP n.º 39, do 17 de febreiro de 2014).
- 3.- Cambio de titularidade da antiga variante da estrada provincial OU-1201, mediante permuta coa estrada municipal de enlace da OU-540 coa OU-1202.
- 4.- Cesión á Deputación Provincial da estrada municipal de Xinzo a Vilar de Barrio, con orixe na N-525 e final na OU-1102, nas proximidades de Vilar de Barrio.
- 5.- Convenio de Cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os Concellos de Cenlle, Punxín e San Amaro para a contratación do servizo de explotación e mantemento e da subministración de enerxía eléctrica das instalacións de abastecemento en alta “Razamonde-San Trocado”.
- 6.- Ratificación da providencia da Presidencia de incoación de expediente para a concesión da medalla de ouro da provincia de Ourense ao escritor Carlos Casares.
- 7.- Moción do Grupo Socialista de rexeitamento ao peche das oficinas bancarias da entidade Abanca.
- 8.- Moción do BNG relativa ao superávit dos concellos.
- 9.- Moción de Democracia Ourensana relativa á conexión ferroviaria de alta velocidade Ourense-Vigo e Ourense-Lugo.
- 10.- Moción do BNG respecto da situación do SPU Correos.
- 11.- Moción Democracia Ourensana relativa á instalación en todas as estradas da provincia de gardarraís de seguridade para os motoristas e ciclistas.
- 12.- Moción do Grupo Socialista para instar a apertura do museo arqueolóxico provincial.
- 13.- Mocións de urxencia.

Apartado de control e fiscalización do goberno provincial

- 14.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
- Presidencia: mes de abril de 2017 e dos seguintes adicionais: 3º de xaneiro e 1º de marzo de 2017.
 - Deputado delegado de Facenda: mes de abril de 2017 e dos seguintes adicionais: 2º de febreiro e 1º de marzo de 2017.
 - Deputado delegado de Administración Provincial: mes de abril de 2017.
 - Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de abril de 2017.
- 15.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,